

Concello de Mugardos
(A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Alcalde-Presidente

Juan Domingo De Deus Fonticoba

Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO PARA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2021.

Tendo en conta que mediante Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro, tense prorrogado, ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, o estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.


Tendo en conta, así mesmo, que o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro (DOG núm. 16-bis de 26.01.2021), polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (decreto parcialmente modificado polo Decreto 26/2021, do 15 de febreiro - DOG núm. 30-bis de 15.02.2021-), recomenda restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente ás unidades de convivencia; eficacia das medidas previstas no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, que rematarán, tras a modificación introducida polo Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, ás 00.00 horas do día 3 de marzo de 2021, sen prexuízo de que estas medidas poidan ser prorrogadas, podendo, así mesmo, e co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, ser obxecto da súa modificación ou levantamento.

Atendida a recomendación de realizar de xeito telemático, sempre que sexa posible, a realización de actos e reunións laborais, institucionais, etc, establecida no apartado 3.14 do anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021 (Orde parcialmente modificada pola Orde do 15 de febreiro de 2021 - DOG núm. 30-bis de 15.02.2021-) pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 16-bis de 26.01.2021); efectos das medidas previstas na citada orde que estenderán a súa eficacia ata as 00.00 horas do día 3 de marzo de 2021, tras a modificación introducida pola Orde do 15 de febreiro de 2021, sen prexuízo de que estas medidas poidan ser prorrogadas e sen prexuízo, así mesmo, de que co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria estas poidan ser modificadas ou levantadas.

Vista a relación de expedientes concluídos dispostos polo Secretario, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos artigos 46 e

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Atendido que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións.

E tendo en conta o establecido no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente, **RESOLVO**:

PRIMEIRO. Convocar a próxima sesión ordinaria do Pleno da Corporación, que sé levará a cabo de xeito telemático, o día 24 de febreiro de 2021 ás 19.30 horas, para tratar dos asuntos que se expresan na orde do día.

Para a conexión das/os Sras./Sres Concelleiras/os, remitirase á súa dirección de correo electrónico corporativo, con carácter previo á celebración da sesión, un enlace para o seu acceso á mesma; conexión que se verificará con ao menos 10 minutos de antelación á hora fixada para o inicio da sesión, aos efectos de realizar unha comprobación do funcionamento axeitado da mesma e de levar a cabo a toma de razón de asistentes pola Secretaría.

SEGUNDO. Que o Secretario leve a cabo os trámites legais oportunos para a notificación dos membros da Corporación.


TERCEIRO. Fixar o seguinte

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 27.01.2021 (1/2021) E 04.02.2021 (2/2021).
- 2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO.
- 3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN NÚMS. 56/2021, 91/2021 E 141/2021.
- 4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELLEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓN QUE VAN DENDE A NÚM. 52/2021 Á 151/2021, AMBAS INCLUSIVE.
- 5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugar dos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugar dos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.

FIRMADO POR Juan Domingo de Deus Fonticoba (FECHA: 18/02/2021 14:02:00) , David Veiga Sierra (FECHA: 18/02/2021 14:03:00)

Decreto Nº: 155/2021 - Fecha de decreto: 18/02/2021

versión imprimible

CVD: tmFJi6/a9KzAjnRlBEar Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).